



**DOCUMENTO BASE NO QUE SE REGULAN AS PRÁCTICAS ACADÉMICAS
EXTERNAS DO ALUMNADO DAS TITULACIÓNS QUE SE IMPARTEN NA
FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA DA UNVIERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**(Aprobado en Comisión Permanente de 2 de outubro de 2015)
(Modificado en Xunta de Facultade de 10 de xullo de 2017 e 23 de marzo de 2018)**

PREÁMBULO

MARCO REGULADOR DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS (PAE).

ARTIGO 1.- Este documento pretende poñer a disposición do profesorado, alumnado e titores e titoras dos centros ou institucións participantes as directrices polas que se regularán as prácticas académicas externas das titulacións que se imparten na Facultade de Xeografía e Historia que se imparten na Universidade de Santiago de Compostela.

O *Real Decreto 1393/2007*, de 29 de outubro, no seu Artigo 12.2, establece que as ensinanzas de grao contemplarán unha formación teórica e práctica, na que se inclúen as prácticas externas. Así mesmo, no preámbulo do Real Decreto sinálase que a posibilidade de introducir prácticas externas vén reforzar o compromiso de empregabilidade dos futuros graduados e graduadas, enriquecendo a súa formación.

Nas *Liñas Xerais da USC para a elaboración das novas titulacións oficiais reguladas polo RD 1393/2007* sinálase, no seu Artigo II.c, que os plans de estudos poderán prever a realización de prácticas externas. Estas estableceranse con carácter obrigatorio ou con carácter optativo.

Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, así como polas propias convocatorias e demais disposicións xerais de aplicación. Será de aplicación supletoria o *Regulamento para a Xestión de Convenios na Universidade de Santiago de Compostela* (aprobado polo Consello de Goberno do



19 de decembro de 2002), as resolucións e acordos sobre esta materia no que non se opoñan ao presente Regulamento.

Con independencia do órgano convocante, seralles de aplicación aos procedementos de selección de estudantes para a realización de prácticas a Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, en particular en materia de prazos e impugnacións.

De ser o caso seranlle de aplicación as normas sobre afiliación e cotización de prácticas externas realizadas polos estudantes universitarios, actualmente contidas na disposición adicional vixésimo quinta do Real Decreto-lei 8/2014, de 4 de xullo, ou normativa que a substitúa e a disposición adicional vixésimo *sexta* da Lei 18/2014, de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia ou normas que as substitúan.

AS PAE NOS GRAOS E MÁSTERES DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA.

ARTIGO 2.- As PAE constitúen un módulo central nos plans de estudo, servindo de elemento vertebrador das distintas materias que configuran o currículo dos graos e másteres. Estas, ademais, constitúen un espazo para a socialización profesional do alumnado.

As PAE sitúan o alumnado en escenarios profesionais reais que favorecen a adquisición de coñecemento e a posta en práctica das habilidades e destrezas necesarias na súa futura inserción laboral. Neste contexto, o alumnado observa, analiza, reflexiona e aprende a tomar decisións e actuar. Permítelle, así mesmo, ao alumnado achegarse ao mundo profesional desde diferentes dimensións e o desenvolvemento, nun contexto espazo-temporal concreto, das competencias profesionais fundamentais da titulación.

O carácter formativo das PAE xira en torno a dous eixes:

1.- Articular teoría e práctica a través da aproximación global aos problemas e situacións reais no ámbito laboral, poñendo en xogo os coñecementos acadados a través das distintas materias do plan de estudos.

2.- Reflexionar sobre a acción permitindo unha aprendizaxe reflexiva, máis alá da mera acción.

CAPÍTULO I

OBXECTIVOS DAS PAE.

ARTIGO 3.- As materias que integran as PAE de cada unha das titulacións da Facultade comparten un conxunto de obxectivos xerais:

1.- Contribuír á formación integral do alumnado, complementando a súa aprendizaxe teórica e práctica.

2.- Facilitar o coñecemento da metodoloxía de traballo adecuada á realidade profesional na que o alumnado terá que operar, contrastando e aplicando os coñecementos adquiridos.

3.- Favorecer o desenvolvemento das competencias técnicas, metodolóxicas, persoais e participativas.

4.- Obter unha experiencia práctica que facilite a inserción no mercado de traballo e mellore a súa empregabilidade futura.

5.- Favorecer os valores da innovación, a creatividade e o emprendemento.



CAPÍTULO II

XESTIÓN DAS PAE.

Artigo 4.- Comisión de Prácticas Académicas Externas.

A responsabilidade no deseño, seguimento, coordinación e avaliación das PAE corresponde á Facultade de Xeografía e Historia a través da Comisión de Prácticas Académicas Externas. A súa misión será a de incentivar a participación de empresas e estudantes no programa, coordinar todo o proceso, participar na asignación de titores e coordinar o seguimento e avaliación das prácticas, dende o punto de vista académico.

Esta comisión estará formada polo Decano/a, ou persoa na que delegue, e os/as representantes dos diferentes departamentos que imparten docencia maioritaria nos graos e másteres do centro, polo menos tres actuarán como coordinadores/as das PAE

Artigo 5.- Funcións da Comisión de Prácticas Académicas Externas.

- 1.- Proponerlle á Xunta de Facultade ou Comisión Permanente o calendario anual das PAE.
- 2.- Solicitar anualmente ás institucións colaboradoras prazas para o alumnado dos distintos graos e másteres, atendendo ao perfil da institución e ao calendario das PAE.
- 3.- Promover a sinatura de novos convenios con institucións.
- 4.- Servir de canle para o desenvolvemento coordinado das PAE dos distintos graos e másteres
- 5.- Coordinar a elaboración dos programas das PAE xunto co profesorado con docencia no mesmo.
- 6.- Seguimento xeral das PAE.
- 7.- Resolución dos conflitos que puidesen xurdir no transcurso da realización das PAE.

Artigo 6.- Coordinador/a das PAE por titulación

Será coordinador/a das PAE dun grao ou máster –ou curso cando se considere– algún dos profesores/as con docencia na/s materia/s implicadas. Na práctica, nos que está implicado



máis dun Departamento, a coordinación será rotatoria anualmente. O/a coordinador/a levará a cabo as seguintes funcións:

- 1.- Elaborar ou revisar o programa das distintas materias das prácticas en colaboración co profesorado implicado en cada unha delas.
- 2.- Presentar o programa ao conxunto do alumnado.
- 3.- Coordinar en colaboración co conxunto da Comisión de Prácticas Académicas Externas a asignación ao alumnado das prazas nas institucións colaboradoras.
- 4.- Distribuír o alumnado entre o profesorado con docencia na materia, atendendo á carga docente, aos ámbitos profesionais das institucións colaboradoras e ao perfil do profesorado, na medida que sexa factible.
- 5.- Organizar, de acordo co conxunto do profesorado, as PAE e as distintas actividades recollidas no programa (seminario, charlas, etc.).
- 6.- Será tamén responsable de acordar co conxunto do profesorado con docencia nas PAE a asignación das matrícula de honra.
- 7.- Elaborar ou actualizar os documentos propios das prácticas.
- 8.- Cubrir, pechar e asinar as actas de cada materia das prácticas.
- 9.- Solucionar situacións imprevistas ou, se fose preciso, dar conta á Comisión de Prácticas Académicas Externas de tales situacións a fin de solucionarlas.

DOS/AS TITORES/AS.

Artigo 7.- Dereitos dos/as titores/as académicos

1. Ao recoñecemento efectivo da súa actividade académica, sen que do devandito recoñecemento poidan derivarse en ningún caso efectos retributivos específicos.
2. A ser informado verbo do regulamento de prácticas académicas externas, así como do proxecto formativo e das condicións baixo as que se desenvolverá a estancia do estudante que debe tutelar.

3. A ter acceso á entidade colaboradora para o cumprimento dos fins propios da súa función.

Artigo 8.- Deberes dos/as titores/as académicos.

- 1.- Contacto inicial e periódico co/a titor/a da institución.
- 2.- Aprobar, tras o contacto co/a titor/a do centro, o plan específico das PAE que desenvolverá o alumnado.
- 3.- Seguimento e titorización do alumnado ao longo das prácticas, orientándoo no desenvolvemento do seu plan de traballo. Deberá convocar o alumnado a tantas sesións de titoría como se establezan no programa.
- 4.- Avaliación informada do alumnado, seguindo as pautas establecidas no programa das PAE.
- 5.- Información ao/a coordinador/a de calquera situación imprevista que altere o desenvolvemento adecuado das PAE do alumnado.
- 6.- Gardar confidencialidade sobre a información que coñeza como consecuencia da súa actividade como titor.
- 7.- Supervisar e, de ser o caso, solicitar a adecuada disposición dos recursos de apoio necesarios para asegurar que os estudantes con discapacidade realicen as súas prácticas en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

Artigo 9.- Dereitos dos Titores/as das institucións.

- 1.- Ser informado previamente das condicións das PAE, así como recibir a documentación oportuna.
- 2.- Recibir, unha vez finalizado o período das PAE, a certificación da Facultade do labor realizado.

3.- Solicitar e recibir da USC un certificado de titores/as colaboradores/as no que se indique o número de alumnos/as do que foi titor/a no curso académico correspondente.

Artigo 10.- Deberes dos/as titores/as das institucións.

1. Acoller ao estudante e organizar a actividade a desenvolver consonte co establecido no proxecto formativo.
2. Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e o compromiso coa aprendizaxe.
3. Informar ao estudante da organización e funcionamento da entidade e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
4. Coordinar co titor académico da universidade o desenvolvemento das actividades establecidas no convenio de cooperación educativa, incluíndo:
 - a) As modificacións do citado plan formativo que poidan ser necesarias para o normal desenvolvemento da práctica.
 - b) A comunicación e resolución de posibles incidencias que puidesen xurdir no desenvolvemento das prácticas.
 - c) control de permisos para a realización de exames e ou outro tipo de actividades de carácter académico.
5. Emitir o informe final e, de ser o caso, o informe intermedio.
6. Proporcionar a formación complementaria que precise o estudante para a realización das prácticas.
7. Proporcionar ao estudante os medios materiais indispensables para o desenvolvemento das prácticas.
8. Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do estudante.
9. Facilitar ao titor/a académico da universidade o acceso á entidade para o cumprimento dos fins propios da súa función.
10. Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do estudante como consecuencia da súa actividade como titor.
11. Prestar axuda e asistencia ao estudante durante a súa estancia na entidade,

para a resolución daquelas cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realiza na mesma.

DOS/AS ALUMNOS/AS.

Artigo 11- Dereitos do alumnado:

Os estudantes en prácticas terán dereito a contar cun titor/a externo da entidade colaboradora na que as realicen, e tamén cun titor/a académico/a da universidade.

Ademais, os estudantes en prácticas terán dereito a:

1. Seren avaliados no desenvolvemento das súas actividades, conforme ao que se estableza no programa para estas. A avaliación referirase á consecución dos obxectivos de formación establecidos. Estes obxectivos deberán ser coñecidos polo titor/a externo/a. Os estudantes terán dereito a coñecer os criterios de avaliación.
2. A imputación dos créditos cursados para os efectos de finalización de estudos no caso das prácticas curriculares, sempre que contén con avaliación positiva do seu período de prácticas e, no caso das prácticas extracurriculares, a que a Universidade acredite as prácticas realizadas facéndoas constar no expediente e no SET sempre que contén con avaliación positiva e se realicen antes do remate dos estudos.
3. Que se lles expida por parte da entidade colaboradora, finalizado o período de prácticas con avaliación positiva, unha certificación con mención expresa do nivel acadado na realización das prácticas, con indicación da especialidade á que estivo orientada a súa formación, de ser o caso.
4. A propiedade intelectual e industrial nos termos establecidos na lexislación reguladora da materia.
5. Recibir, por parte da entidade colaboradora, información da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.
6. Cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, previa comunicación con antelación suficiente á entidade

colaboradora.

7. Dispoñer dos recursos necesarios para o acceso aos estudantes con discapacidade á tutela, á información, á avaliación e ao propio desempeño das prácticas en igualdade de condicións.
8. Conciliar, no caso de estudantes con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou conectadas coa situación de discapacidade.
9. Aqueloutros dereitos previstos na normativa vixente e/ou nos correspondentes convenios de cooperación educativa asinados pola USC e, de ser o caso, a entidade xestora de prácticas vinculadas á mesma, coa entidade colaboradora.

Se o estudante, unha vez matriculado, non recibise a formación por incumprimento da entidade colaboradora, o centro deberá procurar a súa incorporación noutra entidade para desenvolver as prácticas dentro da mesma convocatoria. De resultar imposible, terá dereito á devolución dos prezos públicos pagados e preferencia na asignación na seguinte convocatoria

Artigo 12.- Deberes do alumnado.

- 1.- Cada estudante, unha vez asignado a un/a titor/a académico, deberá obrigatoriamente poñerse en contacto con el/a antes de comezar a fase de prácticas. Cada titor/a académico decidirá as pautas concretas de desenvolvemento: datas e tipo de titorías, etc., sempre de acordo co establecido no programa.
- 2.- Asistencia e participación nas sesión expositivas, interactivas e titorías que se concreten no programa de cada materia.
- 3.- Incorporación na data previamente acordada e cumprimento do calendario e horario establecido no centro das prácticas que se determine.
- 4.- Participación e desenvolvemento das tarefas propias de cada fase das prácticas.
- 5.- Desempeño das responsabilidades que lle asignen no centro ou institución baixo a dirección e o asesoramento do titor/a da mesma.

6.- Respecto do segredo profesional sobre as informacións confidenciais referidas ao centro, o equipo profesional, as persoas destinatarias dos programas e os materiais, técnicas e recursos que se empreguen.

7.- Respecto das normas propias do regulamento interno da institución.

8.- Solicitude do consentimento do/a titor/a académico de calquera alteración no calendario, horario ou plan das PAE.

9.- Comunicación de situación imprevistas que poidan xurdir no desenvolvemento das PAE.

10.- Con relación á entidade na que se desenvolven as prácticas, os estudantes deberán:

- a) Cumpriren e respectaren as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da entidade.
- b) Calquera outro deber previsto na normativa vixente e/ou nos correspondentes convenios de cooperación educativa asinados pola USC e, de ser o caso, a entidade xestora de prácticas vinculada á mesma, coa entidade colaboradora.

O incumprimento das súas obrigas poderá determinar a perda automática dos seus dereitos como estudante en prácticas sen prexuízo das accións disciplinarias que procedan.

CAPÍTULO III

ORGANIZACIÓN ACADÉMICA.

Artigo 13.- Distribución das prácticas.

Nos plans de estudos actuais das titulacións da Facultade de Xeografía e Historia, as PAE desenvólvense no segundo cuadrimestre do último curso, cun total de créditos optativos ECTS de:

Historia: 6 créditos ECTS.

Xeografía e Ordenación do Territorio: 6 créditos ECTS.

Historia da Arte: 12 créditos ECTS.

Máster en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico. Museos e Mercado da Arte: 12 créditos ECTS.

Máster en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade: 6 créditos ECTS

Máster en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial : Itinerario Profesional 9 créditos ECTS. Itinerario Investigador 6 créditos ECTS

En cada un dos períodos os créditos distribúense en tres fases do seguinte xeito:

Fase de preparación. O sentido curricular é acadar que o/a estudante sexa consciente de habilidades, estratexias, ferramentas proporcionadas no proceso global de formación nas diversas materias e reflexione sobre o seu emprego. Para iso asígnanse as seguintes horas:

Historia: 0'5 créditos ECTS.

Xeografía e Ordenación do Territorio: 0,5 créditos ECTS.

Historia da Arte: 1 créditos ECTS. Máster en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico. Museos e Mercado da Arte: 12 créditos ECTS.

Máster en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade: 6 créditos ECTS

Máster en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial : Itinerario Profesional 9 créditos ECTS. Itinerario Investigador 6 créditos ECTS

O alumnado que non participe nas sesións de preparación ou que falte ao 20% das mesmas non poderá ser valorado positivamente nas PAE.

Fase de estancia. O seu sentido curricular é o de entrar en contacto directo coa institución para desenvolver as actividades que se establezan. Para iso asígnanse as seguintes horas:

Historia: 5 créditos ECTS.

Xeografía e Ordenación do Territorio: 5 créditos ECTS.

Historia da Arte: 10 créditos ECTS.

Máster en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico. Museos e Mercado da Arte: 10 créditos ECTS

Máster en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade: 5 créditos ECTS

Máster en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial: Itinerario Profesional 7,5 créditos ECTS. Itinerario Investigador 5 créditos ECTS

O alumnado que non participe nas prácticas ou que falte ao 20% das mesmas non poderá ser valorado positivamente nas PAE.

Fase de reflexión. O sentido curricular é o de axudar o alumnado a reflexionar sobre as situacións observadas nos centros, así como a súa propia actuación nas intervencións que realiza, facilitando instrumentos para a análise e a reflexión. Para iso asígnanse as seguintes horas:

Historia: 0,5 créditos ECTS.

Xeografía e Ordenación do Territorio: 0,5 créditos ECTS.

Historia da Arte: 1 créditos ECTS.

Máster en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico. Museos e Mercado da Arte: 1 créditos ECTS.

Máster en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade: 0,5 créditos ECTS

Máster en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial: Itinerario Profesional 0,75 créditos ECTS. Itinerario Investigador 0,5 créditos ECTS

O alumnado que non participe nesta fase ou que falte ao 20% da mesma non poderá ser valorado positivamente nas PAE.

Artigo 14.- Criterios de distribución do alumnado.

O alumnado será distribuído entre os/as titores/as académicos tendo en conta, en principio, criterios de proporcionalidade, considerando o número total do mesmo e o número de créditos de docencia que fosen aprobados nos POD respectivos. Non obstante, teranse en



conta aspectos flexibilizadores de cara á mellora do desenvolvemento das PAE como poden ser os territoriais e a propia opinión do alumno/a, sempre que sexa posible.

CAPÍTULO IV

ADSCRICIÓN DO ALUMNADO ÁS INSTITUCIÓN.

Artigo 15.- Criterio xeral.

O alumnado da Facultade de Xeografía e Historia poderá realizar as PAE en centros, institucións e empresa, tanto públicas como privadas, coas que previamente se establecese o correspondente convenio, sendo o número de prazas ofertadas o que marcará o límite de alumnos/as que poidan optar a realizar as prácticas.

Durante o mes de setembro, ou ao inicio do curso académico, convocarase o alumnado das PAE a unha reunión para informar sobre o proceso de elección e fixar a data na que se levará a cabo a elección dos destinos das PAE.

As ofertas das PAE deberá conter, na medida do posible, os seguintes datos:

- 1.- Nome ou razón social da entidade colaboradora na que se realizará a práctica.
- 2.- Centro, localidade e dirección.
- 3.- Datas de comezo e fin das prácticas, así como a súa duración en horas.
- 4.- Número de horas diarias de dedicación ou xornada e horario asignado.
- 5.- Proxecto formativo de carácter xeral e orientativo.

Para a realización das PAE o alumnado deberá cumprir, no seu caso, os seguintes requisitos:

- 1.- Estar matriculado/a na ensinanza universitaria á que se vinculan as competencias básicas, xenéricas ou específicas a adquirir polo alumnado na realización das prácticas.
- 2.- No caso das PAE, estar matriculado na materia vinculada, segundo o Plan de Estudos do que se trate.

3.- Non manter ningunha relación contractual coa empresa, institución ou entidade pública ou privada ou coa propia universidade na que se van realizar as prácticas, salvo autorización conforme á normativa interna da USC.

4.- Os estudantes en prácticas non poderán realizar tarefas de responsabilidade na entidade colaboradora, nin as propias e exclusivas do seu persoal.

Artigo 16.- Tramitación de convenios

Os estudantes poderán propiciar a celebración de novos convenios de cooperación educativa cunha determinada entidade a través dos centros da universidade ou de entidades xestoras. Neste suposto, o estudante que propiciou o convenio terá dereito preferente e por unha soa vez a desenvolver as prácticas na entidade asinante

CAPÍTULO V

SEGUIMIENTO INTERMEDIO E FINAL DAS PAE.

Artigo 17.- Informe de seguimento intermedio e informe final do/a titor/a da institución.

1.- O/a titor/a da entidade colaboradora realizará e remitirá ao/a titor/a académico da Universidade un informe final, ao remate das prácticas, que recollerá o número de horas realizadas polo alumnado e no que poderán valorar os seguintes aspectos referidos, no seu caso, tanto ás competencias xenéricas como ás específicas, previstas no correspondente proxecto formativo:

- a.- Capacidade técnica.
- b.- Capacidade de aprendizaxe.
- c.- Administración de traballos.
- d.- Habilidades de comunicación oral e escrita.
- e.- Sentido da responsabilidade.
- f.- Facilitade de adaptación.

- g.- Creatividade e iniciativa.
- h.- Implicación persoal.
- i.- Motivación.
- k.- Puntualidade.
- l.- Relacións co seu contorno laboral.
- m. Capacidade de traballo en equipo.
- n.- Outros aspectos que se consideren oportunos.

2.- Unha vez transcorrida a metade do período de duración das prácticas, poderá elaborarse un informe intermedio de seguimento.

Artigo 18.- Informe de seguimento intermedio e memoria final das prácticas do alumnado.

1.- O/A estudante elaborará e fará entrega ao/a titor/a académico da universidade unha memoria final, ao remate das prácticas, na que deberán figurar, polo menos, os seguintes aspectos:

- a.- Datos persoais do alumno/a.
- b.- Entidade colaboradora na que se realizaron as prácticas.
- c.- Descrición concreta e detallada de tarefas, traballos desenvolvidos e departamentos da entidade á que foi asignado.
- d.- Valoración das tarefas realizadas.
- e.- Relación dos problemas presentados e procedemento seguido para a súa resolución.
- f.- Identificación das achegas que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas.
- g.- Avaliación das prácticas e suxestións de mellora.

2.- Unha vez transcorrida a metade do período de duración das prácticas, poderá elaborarse un informe intermedio de seguimento.

ANEXO I

OFERTA E DIFUSIÓN DAS PAE

| EMPRESA E DIRECCIÓN | Nª DE CRÉDITOS | Nª DE PRAZAS | PROXECTO FORMATIVO E ACTIVIDADES | DURACIÓN | HORARIO | OBSERVACIÓN DAS PRAZAS | OUTROS DATOS |
|----------------------------|-----------------------|---------------------|---|-----------------|----------------|-------------------------------|---------------------|
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |

ANEXO II

SOLICITUDE DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS EN EMPRESA GRAOS

| 1.- DATOS PERSOAIS | | | |
|--|------------------|----------------------------------|---------------------|
| Primeiro apelido: | Segundo apelido: | Nome: | NIF/Núm. Pasaporte: |
| Persoa con discapacidade Si No | | Convenio especial Fundación Once | |
| Teléfono: | | Correo electrónico: | |

| 2.- DATOS ACADÉMICOS | | | |
|--|----|-----|-------------|
| Curso no que está matriculado: | | | |
| Ten superado 150 créditos do grao (risque a resposta correspondente) | | | SI NON |
| Nota media acadada no grao nos cursos anteriores ⁽¹⁾ | | | |
| Propiciou a celebración de convenios ⁽²⁾ | SI | NON | Convenio: |

(1) o alumnado matriculado ao abeiro dun programa de intercambio deberán presentar, xunto coa solicitude, copia do expediente académico.

(2) O alumnado que propiciara a celebración dun convenio deberá acreditalo documentalmente con documento expedido pola empresa ou institución correspondente.

| 3.- PRAZAS POR ORDE DE PREFERENCIA | | |
|---|------------------------------|-----|
| | CUMPRIMENTO DAS OBSERVACIÓNS | |
| 1 | SI | NON |
| 2 | SI | NON |
| MÁIS: Non existe límite no número de prazas que se solicitan, se desexa solicitar máis prazas debe anotalas ao final do documento. | | |

En Santiago de Compostela, a ____ de _____ de ____

Asdo.: _____

ANEXO III



INFORME DO TITOR PROFESIONAL DO PROGRAMA DE PRÁCTICAS

A información recollida neste cuestionario servirá de base para a avaliación do alumno na materia. Se hai algunha cuestión para a que non ten suficiente información, pode deixala en branco e, se o considera relevante, indicalo no apartado de observacións. Se ten algunha dúbida para cubrir este cuestionario, pode consultala co titor académico.

| |
|---------------------------------------|
| NOME DO RESPONSABLE DA ENTIDADE _____ |
| CENTRO DE PRÁCTICAS _____ |
| NOME DO ESTUDANTE _____ |
| PERÍODO DE REALIZACIÓN _____ |
| HORARIO DIARIO _____ |
| PERFIL DO POSTO _____ |

| DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES REALIZADAS POLO/A ALUMNO/A |
|---|
| 1. |
| 2. |
| 3. |
| 4. |
| 5. |
| 6. |
| 7. |
| 8. |
| 9. |

Por favor, sinala cun X o seu grao de acordo coas seguintes afirmacións, tendo en conta que o 5 significa que está “totalmente de acordo” e o 1 que se atopa “totalmente en desacordo”.

| ASPECTOS FORMAIS E NORMAS BÁSICAS DE FUNCIONAMENTO | | | | | |
|--|---|---|---|---|---|
| 1. O estudante cumpriu o calendario previsto no plan de prácticas. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 2. A asistencia do estudante foi regular. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 3. O estudante cumpriu axeitadamente o horario. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 4. A integración do estudante no medio de traballo foi boa. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| COMPETENCIAS DO/A ALUMNO/A | | | | | |
| 5. Adaptouse ben ás novas situacións que se lle presentaron. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6. Soubo establecer prioridades en función dos obxectivos. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 7. Demostrou manexar técnicas de comunicación. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 8. Mostrou capacidade para resolver os problemas que lle xurdiron. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 9. Demostrou sentido crítico. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 10. Mostrou capacidade para traballar en equipo. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 11. Demostrou capacidade para asimilar coñecementos. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| COÑECEMENTOS DO/A ALUMNO/A | | | | | |
| 12. Dispoñía de coñecementos teórico prácticos e competencias xerais cando se incorporou á práctica. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 13. Dispoñía de coñecementos teórico-prácticos específicos para a realización das actividades que se lle encomendaron cando se incorporou á práctica. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 14. Durante o período de prácticas incrementou os seus coñecementos específicos para a realización das actividades que se lle encomendaron. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| ACTITUDES DO/A ALUMNO/A | | | | | |
| 15. Mostrou interese polas actividades realizadas. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 16. Participou en actividades complementarias. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 17. Esforzouse nas actividades realizadas. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 18. Grao de satisfacción cos traballos realizados. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |



Tendo en conta as súas apreciacións, puntúe entre 0 e 8 en función da valoración global que lle merece o/a alumno/a.

0 1 2 3 4 5 6 7 8

OBSERVACIÓNS QUE QUEIRA REALIZAR:

MOITAS GRAZAS

AVALIACIÓN QUINCENAL para coñecer a satisfacción do titor co estudante en canto a cumprimento de horarios, preparación para o traballo e eficiencia resultante, adaptación á organización, etc. Nestes contactos, o titor recollerá información por escrito como mínimo sobre os seguintes aspectos:

Actividades que desenvolve o/a alumno/a

| |
|-------------|
| 1º Contacto |
| 2º Contacto |
| 3º Contacto |
| 4º Contacto |

Asistencia e cumprimento de horarios

| |
|-------------|
| 1º Contacto |
| 2º Contacto |
| 3º Contacto |
| 4º Contacto |

Integración no medio de traballo

| |
|-------------|
| 1º Contacto |
| 2º Contacto |
| 3º Contacto |
| 4º Contacto |

| |
|--|
| |
|--|

Adaptación ás situacións

| |
|-------------|
| 1º Contacto |
| 2º Contacto |
| 3º Contacto |
| 4º Contacto |

Coñecementos previos

| |
|-------------|
| 1º Contacto |
| 2º Contacto |
| 3º Contacto |
| 4º Contacto |

Asimilación de coñecementos novos

| |
|-------------|
| 1º Contacto |
| 2º Contacto |
| 3º Contacto |
| 4º Contacto |

Interese polas actividades realizadas

| |
|-------------|
| 1º Contacto |
| 2º Contacto |
| 3º Contacto |
| 4º Contacto |

Interese por actividades complementarias

| |
|-------------|
| 1º Contacto |
| 2º Contacto |
| 3º Contacto |
| 4º Contacto |

Asunción de responsabilidades

| |
|-------------|
| 1º Contacto |
| 2º Contacto |
| 3º Contacto |
| 4º Contacto |

ANEXO IV

NORMATIVA DE EDICIÓN DA MEMORIA DE PRÁCTICAS - CONTIDO EN PAPEL (a realizar polo alumnado)

A entrega en papel da memoria de prácticas deberá seguir as seguintes normas en canto a formato:

- Tamaño de papel: DIN A4.
- Tipo de letras: arial.
- Tamaño de letra: 10, agás os títulos e subtítulos que se indican a continuación:
 - **Títulos:** numeración: 1.1, 1.2, 1.3, etc., maiúsculas, tamaño 10 e grosa.
 - **Subtítulos:** seguir o mesmo tipo de numeración (por exemplo 2.1.1), sen maiúsculas, tamaño 10 e cursiva.
- Separación de parágrafos: 6 ptos. antes e despois.
- Primeira liña:-1,25 cm.
- Interliñado: sinxelo.
- Aliñación de parágrafos: xustificada.
- Marxes: superior e inferior 3,5 cm; dereita e esquerda 3 cm.
- Pé de gráficos e imaxes: arial 8, cursiva e centrado. A numeración dos gráficos será correlativa (Gráfico 1., Gráfico 2., etc.).
- Listados ("viñetas"): con puntos.
- Pé de páxina: Tipo de letra arial e tamaño 8. O nº de páxina aliñado á dereita, e nome do proxecto á esquerda.
- Encadernación: libre.



A memoria seguirá o seguinte esquema:

1. A primeira páxina axustarase ao modelo que se achega.
2. Ficha da práctica:
 - a. Nome da entidade
 - b. Actividade á que se dedica (sector e subsector da actividade principal)
 - c. Departamento no que se desenvolveu a práctica
 - d. Duración e período ou períodos nos que se desenvolveu
 - e. Horario de traballo
3. Informe da práctica: Incorporará unha descrición:
 - Do traballo realizado
 - Das competencias desenvolvidas
 - Dos problemas atopados
 - Conclusións que incorporen algunha valoración da satisfacción coa práctica.
4. Cuestionario de avaliación do programa de prácticas no seu conxunto (no formato que se incorpora ao final deste Anexo).



FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

MEMORIA DE PRÁCTICAS

Realizada por:



(NOME DO ALUMNO)

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SANTIAGO DE COMPOSTELA, (mes e ano)

ANEXO V

CUESTIONARIO DE AVALIACIÓN DO PROGRAMA DE PRÁCTICAS

A partir da información recollida neste cuestionario, no que se avalía o programa de prácticas en xeral, se pretende non só avaliar a súa calidade senón tamén detectar posibles aspectos susceptibles de mellora.

| |
|---|
| PERÍODO DE REALIZACIÓN _____ HORARIO DIARIO _____ ENTIDADE (departamento) _____ |
|---|

Por favor, sinala cun X o seu grao de acordo coas seguintes afirmacións, tendo en conta que 5 significa que está “totalmente de acordo” e 1 que se atopa “totalmente en desacordo”.

| AVALIACIÓN DO PROGRAMA | | | | | |
|--|---|---|---|---|---|
| 1. O programa estivo ben organizado. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 2. A formación recibida foi suficiente para a realización das prácticas. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 3. O programa supuxo un bo complemento para os meus estudos. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 4. As prácticas realizadas axustáronse ao sinalado no programa de prácticas. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 5. Os medios cos que contei no centro de práctica foron suficientes. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6. Percibín unha boa colaboración entre o titor académico e o centro de prácticas. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |

| | | | | | |
|--|---|---|---|---|---|
| 7. En xeral, estou satisfeito/a co programa | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| AVALIACIÓN DA TUTORÍA PROFESIONAL | | | | | |
| 8. A atención recibida pola entidade foi boa. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 9. A dispoñibilidade do persoal foi abonda. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 10. En xeral, estou satisfeito coa entidade que me foi asignada. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |

OBSERVACIÓNS QUE QUEIRA REALIZAR:

MOITAS GRAZAS

ANEXO VI

CUESTIONARIO DE AVALIACIÓN DO TITOR ACADÉMICO

A partir da información recollida neste cuestionario, no que se avalía o programa de prácticas en xeral, se pretende non só avaliar a súa calidade senón tamén detectar posibles aspectos que sexan susceptibles de mellora.

| |
|------------------------------|
| PERÍODO DE REALIZACIÓN _____ |
| HORARIO DIARIO _____ |
| DEPARTAMENTO _____ |

Por favor, sinala cun X o seu grao de acordo coas seguintes afirmacións, tendo en conta que o 5 significa que está “totalmente de acordo” e o 1 que se atopa “totalmente en desacordo”.

| AVALIACIÓN DO TITOR ACADÉMICO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 13. A atención recibida polo titor foi boa. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 14. A dispoñibilidade do titor foi abonda. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 15. En xeral, estou satisfeito co labor realizado polo meu titor. | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |

OBSERVACIÓNS QUE QUEIRA REALIZAR:



MOITAS GRAZAS